

As Máquinas escolhem por ti.
Que vas fazer ao respecto?

Contra- algoritmia

Um fanzine aburrido

El Cromañón del siglo XXI

por ARTURO LINARES MUÑOZ

La evolución del Homo sapiens empezó hace unos 4 mil millones de años. No estamos capacitados para entender períodos de tiempo tan grandes, pero ayuda usar comparaciones: si reducimos la edad del universo a un año, entonces la Tierra se formó el 3 de septiembre, y las primeras formas de vida aparecieron el 21. Desde entonces (un cuarto de la edad del universo) hemos estado siempre cambiando, adaptándonos, optimizando.

Según esta escala, los primeros humanos fisiológicamente como nosotros aparecieron bien entrado el 31 de diciembre y después tardaron casi una hora en obtener las capacidades cognitivas que tenemos hoy en día. Lo consiguieron hace unos 40 mil años, aunque las consecuencias de ese suceso se dejaron ver más tarde, de forma lenta y progresiva. Por ejemplo, la agricultura no apareció hasta hace 10 mil años (hace 20 segundos, en la escala cósmica).

Después de la agricultura vinieron muchas otras tecnologías, cada una construyendo sobre la anterior. La rueda, la metalurgia, la navegación. El motor y la revolución industrial, la electricidad, internet, todos estos conceptos y las posibilidades que ofrecen eran impensables para nuestros antepasados.

Igual que nos es difícil entender escalas de tiempo grandes, parece imposible entender la vida sin estas facilidades a las que hoy estamos tan acostumbrados. Por ejemplo, se estima que en el neolítico invertían la mitad de su tiempo en obtener comida; hoy en día no suele ser más de una hora diaria. O, alguien del neolítico conocía a lo largo de su vida a menos gente que la que alguien puede ver hoy con sólo salir a la calle.

Igual que Coca-Cola añade edulcorante y otros químicos al agua para manipular tu paladar, la información que consumes está diseñada y optimizada para capturar y mantener tu atención. Y funciona, porque ocurre sin que te des cuenta.

Esas son sólo algunas de las maneras en las que el entorno, donde los humanos vivieron durante la inmensa mayoría de su desarrollo y para el cual estamos adaptados y optimizados, difiere de la vida moderna. La tecnología ha traído mejoras enormes en nuestras vidas, pero son cambios tan radicales y complejos que a veces tienen consecuencias negativas: obesidad, alergias y asma, depresión, adicciones, todo esto y otros problemas que antes apenas existían ahora son endémicos y exigen dedicarles un tratamiento y prevención específicos.

Todos estos "problemas del primer mundo", aunque unos son más difíciles de diagnosticar concretamente que otros, tienen el mismo origen: un cambio en la disponibilidad de recursos de nuestro entorno para el cual nuestro cuerpo no está preparado. El ejemplo más claro es la obesidad, por ser algo físico y evidente de forma visual. En

este caso el recurso serían las calorías: estamos calibrados a un entorno donde la comida es escasa y difícil de obtener, muy distinto de nuestro día a día.

Nuestro metabolismo no entiende la vida moderna: está programado, a su pesar, para pedir más y más energía, y aumentar las reservas de grasa independientemente de su efecto sobre la salud. ¿Por qué no reconoce el exceso, y que puede almacenar sólo lo justo e invertir en la cantidad de músculo óptima? ¿Por qué la necesidad de vigilarle constantemente con dietas y ejercicio?

Algo similar ocurre con aspectos psicológicos de nuestro organismo, además de los físicos. Existe la llamada economía de la atención, gracias a la que Google, Facebook y otros han obtenido más poder que cualquier gobierno. Igual que Coca-Cola añade edulcorante y otros químicos al agua para manipular tu paladar, la información que consumes está diseñada y optimizada para capturar y mantener tu atención. Y funciona, porque ocurre sin que te des cuenta.

El ser humano no está diseñado para el entorno moderno. La curiosidad, la compasión, el asombro, la confianza, la indignación, el amor, el miedo o el aburrimiento, son mecanismos que nos ayudaron a prosperar en un mundo distinto, que estuvieron cientos de miles de años calibrándose a un entorno local y reducido, completamente ajeno a la vida moderna con su interconexión y su abundancia, su complejidad y su escala. No sería de extrañar si necesitáramos ayudarnos un poco a nosotros mismos, para navegarlo.

A arte da contralgoritmia

por LUCÍA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

Para o avance da cultura, sempre foi necesario poder atopar o teu recuncho seguro onde aprender sen restricións e crear con liberdade. A aparición do internet abriunos ese tipo de fronteiras ata que se converteu nun mundo tan extenso con dinámicas moi similares aos espazos físicos. Con todo, a sociedade permanece no virtual grazas a posibilidade de conexión instantánea e a longas distancias, aínda que a maioría están presentes só en espazos públicos controlados polos algoritmos de grandes compañías.

Os algoritmos fannos crer que recibimos un contido feito e deseñado para nós, cando nestes momentos o único que recibimos é o que máis lle convén ao negocio publicitario da empresa hospedadora. Se nos achegan contido sobre as temáticas que nos interesan, este estará moldeado e censurado acorde aos seus criterios roubándoches a posibilidade de exercer o teu propio criterio e evitando que chegues a certa información que poida prexudicar o seu negocio.

Mais non pensemos que o algoritmo só manipula ao consumidor. Os creadores tamén sofren esa manipulación. Coa intención de empregar as grandes plataformas

como medio de difusión vense obrigados a cingirse aos estándares que estas favorecen. Apartarse dunha uniformidade pode penalizalos facendo que as súas creacións pasen desapercibidas xa que non son mostradas aos consumidores. Experimentar como un artista precisa facer é arriscado polo que moitos deciden repetir un mesmo formato e emular o doutros que semellan ter éxito dentro dos parámetros da plataforma. Estes comportamentos fan que a cultura se estanque, que os consumidores naveguemos por un mar de réplicas insípidas, de clons despersonalizados que venden pero que non cultivan o seu arte.

Mais non pensemos que o algoritmo só manipula ao consumidor. Os creadores tamén sofren esa manipulación.

Cada vez somos máis os que notamos o mal sabor de boca que deixa este tipo de “comida cultural”. A falta de significado e a escasa evolución creativa fomentan o adormecemento das nosas mentes e ao pouco sentimos que neste mundo só existe contido de evasión, que xa non se crea para os espíritos famentos, que o ser humano se degradou e a intelixencia da que presumía esvaeceu co tempo. É a sensación que un ten cando o pechan nun cuarto escuro no que só hai unha televisión cun só canal. Así é, dous mil anos despois e seguimos ás voltas con Platón e a súa caverna. Non nos decatamos de que temos a posibilidade de saír dela, que se ben non coñecemos a ruta, os camiños están aí. A cultura nutritiva está aí.

Nun artigo de Jotdown definen a contralgoritmia como a nova contracultura porque se trata de tomar acción na procura de alimento para a mente. A idea é sinxela, saírse dos raís impostos polas compañías tecnolóxicas e cultivar o noso propio mundo virtual. Se es un consumidor trátase de valorar máis o contido que consumes reducindo a cantidade para dedicar tempo á escolla dunha mellor calidade. No caso dos creadores significa non depender destes espazos públicos privatizados como medio de difusión e apostar por plataformas federadas ou mesmo polo sistema de mecenado para así construír unha vía directa cos interesados no teu traballo.

E por riba de todo, a contralgoritmia permite o avance sociocultural asentando as bases para unha transformación que nos leve cara un futuro máis desexable.

A contralgoritmia reivindica a autonomía creativa e a riqueza do diverso. Ofrécelle aos creadores a liberdade de explorar unha verdadeira creatividade mediante o apoio directo de consumidores que ansían alimento cultural nutritivo. E por riba de todo, a contralgoritmia permite o avance sociocultural asentando as bases para unha transformación que nos leve cara un futuro máis desexable. A súa importancia non recae simplemente nun mellor entretemento, esténdese á política dignificando o esforzo dos activistas e propiciando unha democracia de facto. En definitiva, é unha ferramenta coa que podemos facerlle fronte ao status quo e loitar contra os fascismos que

nos afunden e arrastran cara un escenario apocalíptico. Recobrar o control a través da contralgoritmia é unha semmente para esperanza.

Pois... Contralgoritmia!

por ANTONIO GREGORIO MONTES

Queres que os algoritmos controlen a túa vida ou prefires controlala ti? Non, non é unha pregunta retórica: a ‘lei do mínimo esforzo’ leva a algunha xente a delegar quen é, a deixar que outras (persoas ou cousas) controlen a súa vida nos temas importantes, os difíciles de resolver ou nos que o a comunidade é necesaria para poder manexalos, perdendo autonomía / liberdade e pasando a ser dependente. Non é nada novo, mesmo hai algunha película adicada ó tema.

Máis aló do dito, a tendencia hoxe é clara, impulsa pola ansia de beneficios e poder das empresas: mais algoritmos para ‘substituír’ a humanidade. Mesmo, nos últimos tempos, cada vez máis para dirixila, facerse cos seus -nosos- datos e coas súas -nosas- decisións. Como se a expresión da lóxica matemática, con nesgo de fontes de quen a aplica, puidera substituír as persoas. E non estamos a falar só de ‘as persoas necesarias para facer cousas con outras persoas ou outras cousas’, que pode verse como un paso máis do emprego de máquinas para facilitar a vida ou para facer traballos máis rápido e de xeito máis axustado, senón de ‘substituír as persoas na dirección de si mesmas’, o que constitúe a base da nosa humanidade.

No só iso. A falta de referencias de que induce o control por baixo dos algoritmos como ‘cabeza visible’ dese control, desorienta o camiñar polas prazas dixitais, e polo tanto, creba a soberanía dixital xa de partida ó evitar unha orientación apropiada dende a que tomar postura. É a (des)orientación que temos, derivada do nesgo algorítmico. Entrados polo noso pé no mundo da dirección algorítmica, tamén deixamos ser capaces de separar de xeito nido o dixital do analóxico ou real, confundindo a realidade coas presentacións manipuladas polos algoritmos no mundo dixital. E, aínda despois, esa visión confusa a través do filtro dixital e nesgo algorítmico xera e controla unha capa máis profunda que constitúe a rede de ideas, a ideoloxía... Mesmo pasamos a ser traballadores que funcionan por recompensa outorgada por algoritmos, ó estilo do can de Pavlov, o que vai reconfigurando non só os nosos nexos mentais, senón o que construímos a partir deles, nós mesmos. Algo que supón unha automatización, a semellanza da automatización que se fai cos algoritmos, que son o exemplo a seguir nese camiño da nosa ocupación polas redes algorítmicas -máis que redes sociais, hoxe por hoxe-. Algo que nos convirte a nós nunha versión das máquinas ás que estamos afeitos -e que alguén ou algo controla-.

Mesmo pasamos a ser traballadores que funcionan por recompensa outorgada por algorit-

mos, ó estilo do can de Pavlov, o que vai reconfigurando non só os nosos nexos mentais, senón o que construímos a partir deles, nós mesmos.

Por outra banda. Non estás nas redes? Non es ningún! Díciase e dise aínda. Mais non, máis ben, es invisible para quen está centrado nas redes, e as deixa facerse o seu elemento vital. Nun primeiro momento, saír das redes pode custar polo que representa de negación a posibles relacións con outras persoas ou a negación a ser como ‘a maioría’, aínda que non haxa tal ‘maioría’ e só sexa unha percepción. E, ó tempo, veste centrifugado a unha zona desligada da monetarización do que es ti, é dicir, á beira dunha economía baseada nun determinado tipo de intercambio e que nega o que non pode monetizar. Ou sexa, veste impulsado a (e necesitado de) tomar máis control dos teus intercambios económicos como tales, e non facendo ti parte do que se dá en intercambio, o que non é malo aínda que poda verse como traballo extra.

Un último apunte: hoxe por hoxe, os algoritmos non só son estraños, senón que son estranxeiros, ó estar controlados por empresas multinacionais con base en non importa onde, pero fóra do mínimo control que podes exercer coa túa acción política, e case invisibles para outro tipo de acción, como a económica. Dito dende outra perspectiva, a rapidez e o accidental primados fronte a tranquilidade e fundamentos; dirixidos, a máis, dende fóra non só de nós, senón do noso entorno e das nosas posibilidades de control. É pois raro que teña xurdido a contralgoritmia?

Ir á contra paga a pena

por JOSÉ MANUEL VENTOSO PICOS

O doado é facer o mesmo que fai a maioría. O que xa está aí a esperar por ti. Mercas un móbil e con só deslízalo dedo á dereita tes unha listaxe de novas á última, especiais para ti. Procuras algo no buscador de internet e tes páxinas e páxinas de información sen sequera abrir ningunha ligazón e adaptadas ao que soes buscar. Antes case de rematar de ver un vídeo xa che está a aparecer o seguinte (logo da pausa publicitaria) e vai estar especialmente escollido para ti. E así podería seguir coa práctica maioría de interaccións que temos a diario coa tecnoloxía.

Non fai falla afondar moito para que os inconvenientes se fagan obvios. As novas que nos chegan por defecto tenden a ser impactantes titulares sen moita chicha no mellor dos casos, e publicidade disfrazada na maioría. Seguramente nos produzan sentimentos fortes no primeiro momento, pero non van máis alá. Entre o nesgo de confirmación que levamos equipados como humanos e que

os algoritmos saben por onde entrarnos mellor, seremos máis susceptibles de caer en bulos sobre a información que procuramos. Os vídeos que recibamos van ser en xeral cada vez máis homoxéneos e baldeiros, aínda que do mesmo nesgo que o resto que levamos a ver nos últimos meses. Non creo que sexa dabondo centrarse nos problemas destas ferramentas, creo que compre compartir todo o que se pode gañar.

Para instalar aplicacións no móbil utilizo cando podo **f-droid**. Todas as aplicacións aquí son gratuítas e confiables, claramente mencionando os compromisos que se fan ao utilízalas en termos de liberdade. Non está todo, pero o que hai funciona mellor. Utilizando f-droid podería instalar **Fennec**, un navegador web baseado en Firefox que respecta máis a túa privacidade e trae bloqueadores de anuncios por defecto. Se unha web me gusta podo apoiála doutra maneira que vendo publicidade invasiva que me dificulta a navegación.

A regra de ouro da contralgoritmia é: se o que ves depende de quen es, decátate que están a pensar por ti.

Para buscar información utilizo **duckduckgo.com**, sen ser perfecto non cambia os resultados segundo quen estea a utilízalo e as ferramentas de IA poden ser facilmente desactivadas. Para información máis en profundidade consulto a **Wikipedia** directamente. Recibo moito máis contexto do que necesito e expóñome a información que non se alíña cos meus nesgos.

Para estar ao día adoito achegarme a **amarinha.gal**, parte de **Mastodon**, onde se poden consultar as novas en voga. Outra fonte de novas diversas é un agregador que utilizo, chamado **meneame.net**. Ademais diso, para as páxinas de blogs que visito habitualmente utilizo unha ferramenta de **RSS** que me informa das últimas entradas. Ao final accedo a artigos máis longos e profundos que me ofrecen información sen dicirme soamente con quen me teño que enfadar.

Descargo películas de internet (torrentsearch axuda a atopalas) e antes de comezar unha aplicación que utilizo xa me di a que hora vai rematar. Sorte con esa funcionalidade en calquera plataforma. O mesmo para a música, non esquezamos que unha das plataformas máis usadas inclúe cancións de menor calidade, feitas por eles mesmos para evitar pagar a mísera que dan aos artistas.

A regra de ouro da contralgoritmia é: se o que ves depende de quen es, decátate que están a pensar por ti. Haberá quen critique algunha destas medidas porque evitan que os cartos cheguen aos creadores. Moito mellor para os autores que os míseros porcentaxes que reciben por publicidade ou visualización é subscribirse a un periódico dixital ou en papel, axudar nunha recadación de fondos dunha artista para o seu novo proxecto, comprar un libro ou asistir a unha actuación en vivo.